SEXTO: Expoñer ao público os seguintes expedientes mediante publicación no BOP, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. Os expedientes se considerarán definitivamente aprobados se durante o citado prazo non se tivesen presentado reclamacións, en caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas:

- Expediente Nº01/CF/2021 de modificación de finalidade dos préstamos afectos aos proxectos relacionados aos que se lle cambia a finalidade coa conseguinte modificación do Anexo de Investimentos.
- Expediente Nº01/CE/2021 de créditos extraordinarios financiados con baixas de créditos

de gastos doutras aplicacións do orzamento vixente.

Dada a urxencia que revisten as actuacións que pretenden acometer coa modificación orzamentaria proposta, farase uso da excepción prevista na base Nº10 das BEO 2021 de forma que transcorrido o período de exposición sen presentarse alegacións, o crédito modificado estará dispoñible a efectos de execución orzamentaria, sen prexuízo da posterior e preceptiva publicación da aprobación definitiva a efectos de recursos
SÉTIMO: Unha vez aprobado definitivamente os expedientes sinalados no punto anterior, serán inseridos e resumidos por capítulos no BOP. Así mesmo, se remitirá copia do expediente á Administración do Estado e a da correspondente CCAA simultaneamente ao envío do BOP.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:
http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20210624&punto=5
Así mesmo poderá acceder á gravación integra en: sede.vilagarcia.gal

**6.- TOMA DE COÑECEMENTO DA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ PRESENTADA POR PARTE DE ASOCIACIÓNS OU ENTIDADES EN RELACIÓN CON UN PUNTO DA ORDE DO DÍA QUE LLE AFECTE DIRECTAMENTE E POSTERIOR INTERVENCIÓN A TRAVÉS DUN ÚNICO REPRESENTANTE DAS MESMAS.:**

Dáse conta do disposto no ARTIGO 23.- do Regulamento Orgánico do Pleno:
Cando algunha das asociacións ou entidades, ás que se refire o artigo 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril, desexen facer unha exposición ante o pleno, en relación con algún punto da orde do día que lle afecte directamente, deberá solicitalo á alcaldía mediante escrito presentado no rexistro do concello, un día antes da celebración da sesión plenaria. Coa autorización da alcaldía, e a través dun único representante, poderá intervir durante o tempo que a alcaldía lle conceda, con anterioridade á lectura, debate e votación da proposta incluída na orde do día.
Aqueles asuntos onde estean previstas as intervencións de asociacións ou entidades poderán ser tratados con carácter preferente aos restantes asuntos incluídos na orde do día da correspondente sesión plenaria.

Non figura presentada ningunha solicitude de participación cidadá.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:
http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20210624&punto=6
Así mesmo poderá acceder á gravación integra en: sede.vilagarcia.gal

**7.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLA VOCEIRA DO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE PODEMOS-MAREA DA VILA, PARA SOLICITAR A MODIFICACIÓN DO DECRETO 14/2019, DE DESENVOLVEMENTO DA LEI 10/2013, DO 27 DE NOVEMBRO, DE INCLUSIÓN SOCIAL DE GALICIA, PARA COMPATIBILIZAR O COBRO DA RISGA CO INGRESO MÍNIMO VITAL.** Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 24 de xuño de 2021, do seguinte teor:

Dáse conta da Moción presentada polo Grupo Político Municipal de Podemos-Marea da Vila coa data de 7 de xuño de 2021, do seguinte teor:

María de la O Fernández González, como voceira do Grupo Municipal de Podemos-Marea da Vila, ao abeiro do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexa propoñer para a súa consideración por parte do Pleno Municipal de Vilagarcía de Arousa, na súa sesión ordinaria do mes de marzo, a seguinte moción:
Moción para solicitar a modificación do Decreto 14/2019, de desenvolvemento da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia para compatibilizar o cobro da RISGA co Ingreso Mínimo Vital

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Estes días estamos a ver como máis de 2000 galegas están a recibir unha carta remitida pola Xunta de Galicia solicitando o reingreso dos importes da RISGA percibidos dende que se solicitara o IMV. Algunhas destas persoas acumulan ata 8 meses de cobros de dita axuda, o que suporía unha devolución de 3.720 €.

O motivo desta solicitude de reintegros ás galegas que perciben a RISGA (ás que agora se lle aproba o IMV) por parte da Xunta de Galicia é a incompatibilidade da RISGA con calquera outro tipo de prestación tal como ben recollido no artigo 6.4 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de Inclusión Social de Galicia e no artigo 16 do DECRETO 14/2019, do 31 de xaneiro, de desenvolvemento da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, no relativo á tramitación da renda de inclusión social de Galicia e das axudas de inclusión social.

A renda de inclusión social de Galicia (RISGA) é unha prestación pública destinada a garantir recursos económicos de subsistencia a quen careza deles, así como a alcanzar progresivamente a súa autonomía e integración social e laboral. Con igual intención naceu o Ingreso Mínimo Vital (IMV) unha axuda ou prestación que ten o obxectivo de evitar e previr o risco de pobreza ou exclusión social de quen vive so ou, convivindo coa súa familia, non dispón de recursos económicos básicos para atender o máis elemental: alimentación, facturas, etc.

O IMV vén regulado polo RD-Lei 20/2020 e o mesmo é compatible con calquera outro tipo de axuda sempre que non se superen os limiares económicos fixados para poder percibilo.

Queda claro pois que o que se debe modificar para poder facer compatibles ditas axudas é a lexislación autonómica, como xa fixeron outras Comunidades Autónomas coma o Pais Vasco, Aragón, Canarias ou Navarra.

A Xunta de Galicia tivo case un ano para poder modificar a súa Lei de Inclusión Social e dar collida legal a esta incompatibilidade e evitar esta situación que é abusiva para as persoas vulnerables solicitando o reingreso das cantidades xa percibidas cando dende a propia Xunta de Galicia anunciaban que non habería problemas á hora de pasar de percibir unha prestación á outra.

Non podemos pasar por alto que as persoas que non poidan facer fronte á devolución das cantidades solicitadas pola Xunta de Galicia contraerán unha débeda coa facenda pública impedíndolles solicitar calquera axuda ás administracións como podería ser outra prestación, comedor escolar ou calquera medida de desafiuzamento. Isto é dobremente lesivo para as persoas vulnerables pois non van poder acceder a ditas axudas.

Asemade, dita normativa autonómica debería ser mellorada para cumprir escrupulosamente cos criterios recollidos no Decreto 99/2012 polo que se regulan os Servizos Sociais Comunitarios e a súa financiación (modificado polo Decreto 228/2014) de acordo aos seus artigos 40, 50, 51 e ao anexo IV de dito decreto no correspondente á relación de ditos servizos e a súa financiación nos concellos.

A Xunta de Galicia a través da súa normativa autonómica segue a manter as persoas preceptoras de este tipo de servizos e de axudas no limiar da pobreza ao seguir usando o 75% do IPREM como referente económico para a percepción de ditas axudas, cando debería elevar ese mínimo ao 100% do IPREM e incrementar ese 100% ata o 127% para casos de cargas familiares ou ata o 140% cando hai menores a cargo (actualmente a RISGA mínima é de 423,68 € )

A posición da Xunta de Galicia ao respecto de todo isto é gravosa, pois en vez de anunciar a modificación da norma que incompatibiliza a percepción da RISGA con calquera outra prestación o anuncio que fai é de unha moratoria de pago de 30 meses ás persoas afectadas para que devolvan os importes que se lles solicita.

De feito, de haber vontade política por parte do Goberno da Xunta de Galicia, este podería condonar esas cantidades percibidas durante este tempo. A Lei 10/2013, do 27 de novembro, de Inclusión Social de Galicia no seu artigo 42.2 recolle un mecanismo para poder condonar e/ou compensar as cantidades percibidas cando estas sexan produto de causas no imputables ás persoas beneficiarias. E en este caso as causas é a falta de entendemento e coordinación por parte da administración autonómica con respecto á administración estatal.

En base ao exposto, dende Podemos-Marea da Vila, propoñemos a que o pleno de esta Corporación local aprobe os seguintes

ACORDOS:

1. Que o Concello de Vilagarcía de Arousa solicite á Xunta de Galicia a modificación da Lei

10/2013, do 27 de novembro, de Inclusión Social de Galicia e do Decreto 14/2019, do 31 de xaneiro, de desenvolvemento da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, no relativo á tramitación da renda de inclusión social de Galicia e das axudas de inclusión social para que a RISGA sexa compatible coa percepción de calquera outra prestación sempre dentro dos criterios establecidos para a percepción das mesmas.
2. Que o Concello de Vilagarcía de Arousa solicite á Xunta de Galicia a aplicación do artigo 42.2 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de Inclusión Social de Galicia aos expedientes das solicitudes das persoas que se lles está a solicitar a devolución dos importes da RISGA percibidos dende que se solicitara o IMV.
3. Que o Concello de Vilagarcía de Arousa solicite á Xunta de Galicia que use o 100% do IPREM para calcular a contía mínima de percepción das distintas prestacións autonómicas (axudas de Inclusión Social, RISGA, pensións non contributivas,...) por parte da Consellería de Política Social. Máis concretamente no caso da RISGA que se incremente o límite máximo ata o 127% para casos de cargas familiares e do 140% cando haxa menores a cargo.
4. Que o Concello de Vilagarcía de Arousa vele polo cumprimento dos criterios recollidos no Decreto 99/2012, polo que se regulan os Servizos Sociais Comunitarios e a súa financiación (modificado polo Decreto 228/2014) no relativo ás competencias e financiación dos servizos que lle son competencias propias.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:
VOTACIÓN:
A persoa representante do grupo municipal de Podemos-Marea da Vila informa favorablemente.
As persoas representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, PP e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.
En consecuencia infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada pola voceira do grupo político municipal de Podemos-Marea da Vila, para solicitar a modificación do Decreto 14/2019, de desenvolvemento da lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, para compatibilizar o cobro da RISGA co Ingreso Mínimo Vital.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con doce votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (11) e Podemos-Marea da Vila (1), unha abstención do Concelleiro pertencente ao grupo político municipal de Ciudadanos (1), e catro votos en contra, dos/as Concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PP (4)

ACÓRDASE Por .maioría aprobar a moción presentada polo grupo político municipal de Podemos-Marea da Vila e:
1. Solicitar á Xunta de Galicia a modificación da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de Inclusión Social de Galicia e do Decreto 14/2019, do 31 de xaneiro, de desenvolvemento da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, no relativo á tramitación da renda de inclusión social de Galicia e das axudas de inclusión social para que a RISGA sexa compatible coa percepción de calquera outra prestación sempre dentro dos criterios establecidos para a percepción das mesmas.
2. Solicitar á Xunta de Galicia a aplicación do artigo 42.2 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de Inclusión Social de Galicia aos expedientes das solicitudes das persoas que se lles está a solicitar a devolución dos importes da RISGA percibidos dende que se solicitara o IMV.
3. Solicitar á Xunta de Galicia que use o 100% do IPREM para calcular a contía mínima de percepción das distintas prestacións autonómicas (axudas de Inclusión Social, RISGA, pensións non contributivas,...) por parte da Consellería de Política Social. Máis concretamente no caso da RISGA que se incremente o límite máximo ata o 127% para casos de cargas familiares e do 140% cando haxa menores a cargo.
4. Velar polo cumprimento dos criterios recollidos no Decreto 99/2012, polo que se regulan os Servizos Sociais Comunitarios e a súa financiación (modificado polo Decreto 228/2014) no relativo ás competencias e financiación dos servizos que lle son competencias propias.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:
http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20210624&punto=7
Así mesmo poderá acceder á gravación integra en: sede.vilagarcia.gal

**Polo Sr. Alcalde indícase que se levará a cabo o debate conxuntos dos asuntos nº 8 e 9 da orde do día, para posteriormente proceder á súa votación de forma individual.**

**8.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PSG-PSOE POLA COMUNICACIÓN DIRECTA DE VILAGARCÍA DE AROUSA A MADRID A TRAVÉS DO FERROCARRIL**. Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 24 de xuño de 2021, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo Grupo Político Municipal do PSG-PSOE, coa data de 11 de xuño de 2021, do seguinte teor:

MOCIÓN DE URXENCIA POLA COMUNICACIÓN DIRECTA DE VILAGARCÍA DE AROUSA A MADRID A TRAVÉS DO FERROCARRIL
De acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Vilagarcía de Arousa desexa someter á consideración do Pleno Municipal a siguiente MOCIÓN:
EXPOSICIÓN DE MOTIVOS
En días recentes, RENFE vén de anunciar a posta en funcionamento dun novo servizo entre Vigo (Urzaiz) e Madrid, pasando por Vilagarcía pero sen facer parada na nosa localidade.
Tendo en conta, a importante afluencia de viaxeiros da estación de Vilagarcía de Arousa que dá servizo a toda a comarca de Arousa, do Barbanza e do Ulla Umia, e a importancia de ter un segundo enlace directo entre Vilagacía e Madrid, o Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, solicita ao Pleno da Corporación
1. Instar ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana e a RENFE a que a nova liña de ferrocarril de Vigo a Madrid, tanto na ida coma na volta, teña parada en Vilagarcía de Arousa.
2. Dar traslado deste acordo a todos os Grupos Parlamentarios do Congreso dos Deputados.
3. Dar traslado deste acordo ao Presidente da Xunta de Galicia e aos Grupos Parlamentarios do Parlamento de Galicia.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:
VOTACIÓN:
As persoas representantes do grupo municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.
As persoas representantes dos grupos municipais do PP, Podemos-Marea da Vila e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.
En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do PSG-PSOE pola comunicación directa de Vilagarcía de Arousa a Madrid a través do ferrocarril.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (17 de 21)

ACÓRDASE Aprobar a moción presentada polo grupo político municipal do PSG-PSOE e:

1. Instar ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana e a RENFE a que a nova liña de ferrocarril de Vigo a Madrid, tanto na ida coma na volta, teña parada en Vilagarcía de Arousa.
2. Dar traslado deste acordo a todos os Grupos Parlamentarios do Congreso dos Deputados.
3. Dar traslado deste acordo ao Presidente da Xunta de Galicia e aos Grupos Parlamentarios do Parlamento de Galicia.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:
http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20210624&punto=8
Así mesmo poderá acceder á gravación integra en: sede.vilagarcia.gal

**9.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PP PARA ESIXIR AO GOBERNO DE ESPAÑA A INCLUSIÓN DA ESTACIÓN FERROVIARIA DE VILAGARCÍA NO ITINERARIO DO NOVO SERVIZO DE TREN DIRECTO QUE UNE VIGO E MADRID.-** Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 24 de xuño de 2021, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo Grupo Político Municipal do PP coa data de 15 de xuño de 2021, do seguinte teor:

Os concelleiros integrantes do Grupo Municipal Popular, ao amparo do establecido no artigo 97 do Reglamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formula, para a súa discusión, e, no seu caso, aprobación no Pleno Ordinario do 24 de xuño de 2021 a seguinte MOCIÓN:
"Esixir ao Goberno de España a inclusión da estación ferroviaria de Vilagarcía no itinerario do novo servizo de tren directo que une Vigo e Madrid"
EXPOÑEN
O pasado luns 14 de xuño Renfe puxo en marcha un novo servizo diario de conexión Vigo-Madrid que exclúe a posibilidade de facer parada na estación de Vilagarcía de Arousa, a pesar de que esta estación forma parte do seu percorrido y de que, segundo fontes da empresa ferroviaria, o establecemento desta escala tan só engadiría catro minutos ao total da viaxe.
Vilagarcía ten a entidade indiscutible dentro da provincia de Pontevedra e da Comunidade Autónoma de Galicia como para que esta cidade sexa incluída no mapa de paradas deste tren, ademáis de que a súa estación funciona como punto de conexión de toda a comarca do Salnés, cun ámbito de influencia de máis de 100.000 habitantes.
A decisión do Goberno de España de excluir a Vilagarcía, a terceira cidade da provincia de Pontevedra, das escalas previstas neste traxecto suporá un grave perxuicio para a cidade. Pola contra, a súa inclusión marcaría non só o futuro desenvolvemento de Vilagarcía e de toda a comarca, senón que tamén funcionaría como polo de atracción de turistas, fomentaría a comunicación da nosa vila co resto de España e permitiría que viaxeiros doutras zonas visiten Vilagarcía e por extensión todo O Salnés.
Non hai ningunha dúbida de que este é o momento clave para que todas as administracións mostremos o noso compromiso para que a estación ferroviaria de Vilagarcía sexa incluida como parada neste traxecto. No contexto actual de crisis socioeconómica derivada da pandemia e co panorama turístico xerado grazas ao Xacobeo 21/22, sería fundamental que
o Goberno de España contribuise á promoción de Galicia apostando por potenciar as súas comunicación ferroviarias.
Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular de Vilagarcía de Arousa
SOLICITA
Que o Concello de Vilagarcía esixa ao Goberno de España a inclusión da parada en Vilagarcía no novo servizo de tren Alvia que dende o 14 de xuño sae da estación de Vigo-Urzaiz con destino a Madrid-Chamartín.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:
VOTACIÓN:
As persoas representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE e PP informan favorablemente.
As persoas representantes dos grupos municipais de Podemos-Marea da Vila e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.
En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do PP para esixir ao Goberno de España a inclusión da estación ferroviaria de Vilagarcía no itinerario do novo servizo de tren directo que une Vigo e Madrid.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (17 de 21)

ACÓRDASE Aprobar a moción presentada polo grupo político municipal do PP e esixir ao Goberno de España a inclusión da parada en Vilagarcía no novo servizo de tren Alvia que dende o 14 de xuño sae da estación de Vigo-Urzaiz con destino a Madrid-Chamartín.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:
http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20210624&punto=9
Así mesmo poderá acceder á gravación integra en: sede.vilagarcia.gal

**10.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PP PARA INSTAR AO GOBERNO CENTRAL A RETIRAR O RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO PRESENTADO POLO MINISTERIO DE TRANSICIÓN ECOLÓXICA E RETO DEMOGRÁFICO E DIRIXIDO A DERROGAR O PLAN XERAL DE EXPLOTACIÓN MARISQUEIRA PARA O PERÍODO 2021-2023**. Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 24 de xuño de 2021, do seguinte teor:

Dáse conta da Moción presentada polo Grupo Político Municipal do PP coa data de 15 de xuño de 2021, do seguinte teor:

Os concelleiros integrantes do Grupo Municipal Popular, ao amparo do establecido no artigo 97 do Reglamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formula, para a súa discusión, e, no seu caso, aprobación no Pleno Ordinario do 24 de xuño de 2021 a seguinte MOCIÓN:
"Instar ao Goberno central a retirar o recurso contencioso-administrativo presentado polo Ministerio de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico e dirixido a derogar o Plan Xeral de Explotación Marisqueira para o período 2021-2023"
EXPOÑEN
O Goberno central vén de protagonizar un novo ataque inxustificado ao complexo mar-industria de Galicia e, nesta ocasión moi en particular, directamente á labor das mariscadoras e mariscadores galegos.
Así aconteceu tras coñecerse o recurso contencioso-administrativo presentado polo Ministerio de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico e dirixido a derrogar o Plan Xeral de Explotación Marisqueira para o período 2021-2023.
O Executivo que preside Pedro Sánchez argumenta a súa impugnación na necesidade dun informe preceptivo e vinculante da Dirección Xeral da Costa e o Mar para o outorgamento de zonas de explotación marisqueira, en réxime de autorización ou concesión, un requisito que xamais foi pedido desde que existen os plans xerais de explotación marisqueira, que entraron en vigor nos anos 90.
Galicia explicou a improcedencia desta petición e aclarou, na resposta ao requirimento previo á presentación do recurso, que a orde pola que se aproba o plan non outorga zonas de explotación marisqueira, nin en réxime de autorización nin de concesión, polo que non é necesario o informe sobre a ocupación do dominio público marítimo-terrestre.
Cómpre salientar igualmente que o plan de explotación marisqueira para os anos 2021-2023 segue a liña dos plans anuais aprobados desde o anos 90, para os que tampouco se requiría ese informe e que en ningún momento foron recorridos polo Goberno central.
Resulta especialmente grave que desde o Executivo central – gobernado en coalición polo PSOE e Unidas Podemos – poñan en dúbida un sistema de xestión consensuado cos profesionais do sector e que ten demostrado a súa eficacia para regular a actividade marisqueira de maneira

ordenada, sustentable e respectuosa co medio ambiente desde hai décadas.
Cómpre salientar de igual xeito que a ausencia desta regulación complicaría o desenvolvemento normal da actividade e supón poñer en risco a actividade das máis de 3.700 persoas que se dedican ao marisqueo a pé en Galicia – das que máis do 74% son mulleres – e das arredor de 5.000 persoas que traballan no marisqueo desde embarcación, así como a propia organización do traballo e a súa correcta xestión en termos de sostibilidade ambiental, social e económica.
De anularse o plan vixente, unha decisión política do Goberno central tiraría por terra meses de traballo das confrarías e asociacións marisqueiras do sector que participaron no deseño e elaboración dos 94 plans de xestión vixentes actualmente e incluídos no Plan Xeral de Explotación Marisqueira 2021-2023.
Ante a gravidade da situación e un suposto evidente de invasión por parte dos actuais responsables do Goberno de España das competencias exclusivas de Galicia, resulta necesario que a Xunta de Galicia, desenvolva as accións precisas para defender ata as últimas instancias os intereses do sector e un modelo de xestión dos recursos con décadas de historia e baseado na conxestión dos recursos que ten demostrado a súa eficacia.
Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular de Vilagarcía de Arousa solicita ao Pleno da corporación municipal a adopción dos seguintes
ACORDOS
1. Dirixirse ao Goberno central para que retire, de xeito inmediato, o recurso contencioso-administrativo presentado polo Ministerio de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico e dirixido a derrogar o Plan Xeral de Explotación Marisqueira para o período 2021-2023.
2. Manifestar a súa oposición ante un novo ataque inxustificado do Goberno de España ao complexo mar-industria de Galicia e, nesta ocasión moi en particular, directamente ao labor das mariscadoras e mariscadores galegos.
3. Apoiar á Xunta de Galicia e ao sector marítimo-pesqueiro no desenvolvemento das accións precisas para defender ata as últimas instancias os intereses do sector marisqueiro galego e un modelo de xestión dos recursos autónomo, con décadas de historia e baseado na conxestión dos recursos que ten demostrado a súa eficacia.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:
VOTACIÓN:
As persoas representantes do grupo municipal do PP informan favorablemente.
As persoas representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, Podemos-Marea da Vila e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.
En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do PP para instar ao Goberno Central a retirar o recurso contencioso-administrativo presentado polo Ministerio de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico e dirixido a derrogar o Plan Xeral de Explotación Marisqueira para o período 2021-2023.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con cinco votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PP (4) e Ciudadanos (1) e doce votos en contra, dos/as Concelleiros/as pertencentes aos grupos políticos municipais do PSG-PSOE (11) e Podemos-Marea da Vila (1)

ACÓRDASE: Por maioría rexeitar a moción presentada polo grupo político municipal do PP para instar ao Goberno Central a retirar o recurso contencioso-administrativo presentado polo Ministerio de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico e dirixido a derrogar o Plan Xeral de Explotación Marisqueira para o período 2021-2023.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:
http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20210624&punto=10
Así mesmo poderá acceder á gravación integra en: sede.vilagarcia.gal

**11.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA SOLICITUDE DE COMPARECENCIA DO CONCELLEIRO DE OBRAS, ALUMEADO PÚBLICO E RELACIÓNS VECIÑAIS D. LINO MOURIÑO SANTIAGO FORMULADA POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS DO PP, PODEMOS-MAREA DA VILA, BNG E CIUDADANOS**:Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 24 de xuño de 2021, do seguinte teor:

Dáse conta do escrito presentado polos grupos político municipais de PP, Podemos-Marea da Vila, BNG e Ciudadanos, coa data de 15 de xuño de 2021, do seguinte teor:

María de la O Fernández González como Voceira do Grupo Municipal de Podemos-Marea Da Vila; Lucía César Veloso como Voceira do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego; David Higinio Oliveira Barreiro como Voceiro do Grupo Municipal de Ciudadanos e Ana María Granja Guillán como Voceira do Grupo municipal do Partido Popular, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formulan, para a súa discusión e, no seu caso, aprobación no Pleno Ordinario do 24 de xuño de 2021 a seguinte:
SOLICITUDE DE COMPARECENCIA DO CONCELLEIRO DE OBRAS, ALUMEADO PÚBLICO E RELACIÓNS VECIÑAIS:
D. LINO MOURIÑO SANTIAGO
Tras varias reunións do goberno local coa asociación de veciños de Faxilde, este comprometeuse a delimitar e marcar unha parcela propiedade do concello. Pasados uns meses, a asociación non tivo resposta nin veu realizada a súa petición, por iso, os diferentes grupos da oposición formulan as seguintes cuestión para que o responsable municipal informe das xestións realizadas:
- Como están os trámites con respecto á parcela de titularidade municipal?
- Xa se coñece cal é a parcela exacta?
- Cal é o motivo da colocación dunhas pedras diante dunha parcela, supostamente privada?
- Dado que o concello é propietario de 86 metros cedidos por un veciño, solicítase que explique sobre un plano a ubicación ou situación exacta de eses metros que agora son propiedade do Concello.
- Cando van a facer as xestions precisas para que a parcela propiedade do concello volva a ter uso público?

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:
VOTACIÓN:
As persoas representantes dos grupos políticos municipais presentes na Comisión (PSG-PSOE, PP, Podemos-Marea da Vila e Ciudadanos) informan favorablemente.
En consecuencia e por unanimidade acordase ditaminar favorablemente a comparecencia de D. Lino Mouriño Santiago.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (17 de 21)

ACÓRDASE: Aprobar a comparecencia de D. Lino Mouriño Santiago.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:
http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20210624&punto=11
Así mesmo poderá acceder á gravación integra en: sede.vilagarcia.gal

**12.- INTERPELACIÓNS OU CONTROL DAS DECISIÓNS DO GRUPO DE GOBERNO.**

Non se presentaron

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:
http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20210624&punto=12
Así mesmo poderá acceder á gravación integra en: sede.vilagarcia.gal

**13.- MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS POR RAZÓNS DE URXENCIA.**

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día, e antes de pasar á rolda de rogos e preguntas,o Sr. Alcalde preguntou se algún grupo político desexaba someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria e que non teña cabida no citado punto de rogos e preguntas, non propoñéndose ningunha moción polos Grupos Políticos Municipais.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:
http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20210624&punto=13
Así mesmo poderá acceder á gravación integra en: sede.vilagarcia.gal

**14.- ROGOS E PREGUNTAS FORMULADAS POLOS MEMBROS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL**. Por parte dos/as Sres./as Concelleiros/as formúlanse rogos e preguntas.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:
http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20210624&punto=14
Así mesmo poderá acceder á gravación integra en: sede.vilagarcia.gal

**15.- QUENDA DE ROGOS E PREGUNTAS ENTRE AS PERSOAS QUE ASISTEN COMO PÚBLICO Á SESIÓN.**

Debido á aplicación das normas de distancia social e control de aforo para a prevención do COVID-19 non asiste público á sesión.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:
http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20210624&punto=15
Así mesmo poderá acceder á gravación integra en: sede.vilagarcia.gal

E sen máis asuntos que tratar, ás 18:30, levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.